



# Padrón

**Concello de Padrón**

CIF P1506600D

Rúa Longa, 27

15900 Padrón, A Coruña

[correo@padron.gal](mailto:correo@padron.gal)

[www.padron.gal](http://www.padron.gal)

Tfl: 981 81 04 51

Fax: 981 81 15 50

## ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN CELEBRADA O DÍA 21 DE ABRIL DO 2017

### Señoras e señores asistentes

#### **Alcalde-Presidente:**

Don Antonio Fernández Angueira.

#### **Concelleiras e concelleiros:**

Don José Ramón Pardo Andrade.

Don Andrés Sanmarco Santos.

Dona Lorena Couso Dopazo.

Don Francisco García Dios.

Don Ángel Rodríguez Conde.

Don Francisco Javier Guillán Iglesias.

Don Camilo Forján Seoane.

Don Alberto Piñeiro Otero.

Dona Teresa Rey Pazos.

Don Cesáreo González Pardal.

Don Xoán André Santaló Ríos.

Don Eloy Rodríguez Carbia.

#### **Secretaria:**

Dona Ana María Ares Álvarez.

#### **Interventor accidental:**

Don José Marcelino Rivera Rarís

En Padrón, sendo as doce horas do día vinte e un de abril de dous mil dezasete, reúnen-se en primeira convocatoria e baixo a Presidencia do señor Alcalde don Antonio Fernández Angueira, as Concelleiras e os Concelleiros que se relacionan na cabeceira, en total os trece que de dereito compoñen a Corporación, ao obxecto de realizar a sesión extraordinaria convocada en forma legal.

Comprobada a existencia de quórum suficiente para a válida constitución do Pleno da Corporación, o Presidente declara aberta a sesión pasándose a examinar os asuntos comprendidos na orde do día da convocatoria que é o seguinte:

### **1.- MODIFICACIÓN NÚMERO 1 DO RÉXIME DE ADICACIÓNS PARCIAIS DE DIVERSOS CARGOS E RECOÑECIMENTO DE COMPATIBILIDADES.**

Dase conta da seguinte proposta de data 7 de abril do 2017, que di:

**<<Antecedentes administrativos.**

Primeiro. O Pleno da Corporación Municipal, na sesión do 2 de xullo de 2015, aprobou o recoñecemento das seguintes dedicacións parciais coas retribucións que tamén se indican:

CARGO	DEDICACIÓN	RETRIBUCIÓN BRUTAS/ANO
Concelleiro/a delegado/a de urbanismo, vivenda e solo, vías e obras e servizos públicos básicos: abastecemento de auga, saneamento, alumbrado público, recollida de residuos sólidos urbanos, parques e xardíns, limpeza viaria e cemiterios.	16 h/semana	11.500,00 €
Concelleiro/a delegado/a de cultura, turismo, comercio, casco histórico, igualdade e muller, xuventude e voluntariado, política lingüística, e información e comunicación.	16 h/semana	11.500,00 €
Concelleiro/a delegado/a de deportes, promoción do emprego e traballo, persoal, réxime interior e tráfico.	12 h/semana	7.500,00 €
Concelleiro/a delegado/a de festexos, novas tecnoloxías, educación e ensino, benestar e servizos sociais e praza de abastos e mercados.	12 h/semana	7.500,00 €

Segundo. No mesmo acordo apróbase a compatibilidade das actividades económicas desenvoltas por diversos concelleiros con dedicación parcial, concretamente:

- Don José Ramón Pardo Andrade: Funcionario de carreira. Axente Medioambiental da Consellería de Medio Rural da Xunta de Galicia.
- Don Andrés Sanmarco Santos: contrato laboral por tempo indefinido na categoría de calefactor na UTE Dalkia Girola, encargada do mantemento do Hospital do Barbanza
- Dona Carmen María Lois Ferrón: contrato laboral na categoría de xornalista-redactor no gabinete de información Cientoochentagradados Marketing&Comunicación.

Terceiro. Posteriormente, o 24 de novembro de 2016, o Pleno da Corporación Municipal aproba a compatibilidade de dona Lorena Couso Dopazo, concelleira delegada das áreas de cultura, turismo, comercio, casco histórico, igualdade e muller, xuventude e voluntariado, política lingüística e información e comunicación, para desenvolver actividade privada profesional como técnico superior en axencias de viaxes e organización de eventos.

Cuarto. O 25 de marzo de 2017 o señor Alcalde, en representación do grupo político municipal do PP actualmente no goberno, e o señor concelleiro don Ángel Rodríguez Conde, en representación do grupo político municipal do PGD, asinan un acordo de goberno conxunto no que se recolle, entre outras cuestións, a delegación nos dous concelleiros membros do PGD varias áreas da actuación municipal.

Quinto. Por Providencia do Alcalde do 6 de abril de 2017 solicítase informe á intervención municipal sobre a nova proposta de dedicacións parciais para adaptalas á nova delegación das áreas municipais, o cal resulta emitido no mesmo día.

**Fundamentos de dereito.**

Primeiro. Considerando que o artigo 75.2 Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL), establece que:

*“2. Los miembros de las Corporaciones locales que desempeñen sus cargos con dedicación parcial por realizar funciones de presidencia, vicepresidencia u ostentar delegaciones, o desarrollar responsabilidades que así lo requieran, percibirán retribuciones por el tiempo de dedicación efectiva a las mismas, en cuyo caso serán igualmente dados de alta en el Régimen General de la Seguridad*



# Padrón

## Concello de Padrón

CIF P1506600D  
Rúa Longa, 27  
15900 Padrón, A Coruña  
[correo@padron.gal](mailto:correo@padron.gal)  
[www.padron.gal](http://www.padron.gal)  
Tfl: 981 81 04 51  
Fax: 981 81 15 50

*Social en tal concepto, asumiendo las Corporaciones las cuotas empresariales que corresponda, salvo lo dispuesto en el artículo anterior. Dichas retribuciones no podrán superar en ningún caso los límites que se fijen, en su caso, en las Leyes de Presupuestos Generales del Estado. En los acuerdos plenarios de determinación de los cargos que lleven aparejada esta dedicación parcial y de las retribuciones de los mismos, se deberá contener el régimen de la dedicación mínima necesaria para la percepción de dichas retribuciones.*

*Los miembros de las Corporaciones locales que sean personal de las Administraciones públicas y de los entes, organismos y empresas de ellas dependientes solamente podrán percibir retribuciones por su dedicación parcial a sus funciones fuera de su jornada en sus respectivos centros de trabajo, en los términos señalados en el artículo 5 de la Ley 53/1984, de 26 de diciembre, sin perjuicio de lo dispuesto en el apartado sexto del presente artículo."*

Segundo. Considerando que o artigo 14 da Lei 53/1984, de 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas (LI), establece que o exercicio de actividades profesionais, laborais, mercantís ou industriais fóra das administracións públicas requirirá o previo recoñecemento de compatibilidade e que a resolución motivada recoñecendo a mesma ou, no seu caso, declarando a incompatibilidade, corresponde ao Pleno da Corporación Local.

Terceiro. Considerando que o artigo 5 da LI, en consonancia co establecido no parágrafo segundo do 75.2 da LBRL, establece que o persoal ao servizo de calquera das administracións públicas poderá percibir retribucións por unha dedicación parcial como membro dunha Coporación Local sempre que a desempeñe fóra da súa xornada de traballo na administración e sen superar en ningún caso os límites que con carácter xeral se establezan, no seu caso. Ademais a administración na que preste os seus servizos un membro dunha Corporación Local en réxime de dedicación parcial e esta última deberán comunicarse reciprocamente a súa xornada en cada unha delas e as retribucións que perciban, así como calquera modificación que se produza delas.

### Propoño ao Pleno da Corporación Municipal:

**Primeiro.** Aprobar a modificación número 1 do réxime de dedicacións que quedará como segue:

CARGO	DEDICACIÓN	RETRIBUCIÓN BRUTAS/ANO <sup>(3)</sup>
Concelleiro/a delegado/a de urbanismo, vivenda e solo <sup>(1)</sup> , vías e obras e parques e xardíns.	16 h/semana	11.500,00 €
Concelleiro/a delegado/a de cultura, turismo, comercio, casco histórico, igualdade e muller, xuventude e voluntariado, política lingüística, e información e comunicación.	16 h/semana	11.500,00 €
Concelleiro/a delegado/a de servizos sociais <sup>(2)</sup> , saúde pública, protección civil e emerxencias, persoal e festexos.	14 h/semana	9.500,00 €
Concelleiro/a delegado/a de servizos municipais básicos: alumbrado público e xestión enerxética, abastecemento de auga potable e saneamento de augas residuais, limpeza viaria e recollida e tratamento dos residuos sólidos urbanos; praza de abastos, mercado dominical e, en xeral, venda ambulante.	14 h/semana	9.500,00 €
Concelleiro/a delegado/a de deportes, promoción do emprego e traballo.	12 h/semana	7.500,00 €
Concelleiro/a delegado/a de educación e ensino e terceira idade.	12 h/semana	7.500,00 €

<sup>(1)</sup>Excluído o ámbito do casco histórico.  
<sup>(2)</sup>Excluídos os servizos vinculados á terceira idade, o Centro de información á muller e, en xeral, igualdade e muller.  
<sup>(3)</sup>A percibir en 12 pagas ordinarias máis 2 extraordinarias anuais polo mesmo importe.

**Segundo.** Recoñecer a compatibilidade das seguintes actividades económicas desenvoltas polos cargos e concelleiros/as con dedicación parcial ao abeiro do disposto no artigo 75.2 da LBRL en relación co artigo 5

da Lei de Incompatibilidades, en tanto non existe relación directa de tales actividades coas desenvoltas nos departamentos dos que se farán cargo no Concello de Padrón e que se relacionan no Decreto do Alcalde número 251/2017, do 6 de abril:

- Don Angel Rodríguez Conde: persoal laboral da Xunta de Galicia con destino no Servizo de prevención e defensa contra incendios forestais da Consellería de Medio Rural.
- Don Francisco Javier Guillán Iglesias: traballador por conta allea no sector da hostelería e traballador por conta allea no sector de venda ao por menor de sementes e abonos.

**Terceiro.** Dar de alta no Réxime Xeral da Seguridade Social aos concelleiros/as delegados/as que asumen os cargos aos que se lle recoñece o réxime de dedicación parcial, con efectos dende o día seguinte á adopción do presente acordo, asumindo o Concello de Padrón o pago das cotas empresarias que correspondan.

**Cuarto.** De acordo co disposto no artigo 13.4 do ROF, o nomeamento dos membros da Corporación para algún destes cargos unicamente surtirá efectos no momento no que sexa aceptado expresamente por este, o que se comunicará ao Pleno na primeira sesión ordinaria que se celebre.

**Quinto.** Publicar o presente acordo integramente no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e no Taboleiro de anuncios do Concello, ao abeiro do disposto no artigo 75.5 LBRL, e dar cona do mesmo á secretaría e intervención municipais.>>

Aberta a quenda de debate prodúcense as seguintes intervencións de xeito resumido:

Sr. Rodríguez Carbia. Di, en primeiro lugar, que non ten nada que obxectar porque é unha remuneración froito dun pacto de gobernabilidade que se produciu no principio do mandato. Que o grupo que representa sempre estivo por manter a compostura, falar e intentar chegar a acordos puntuais para sacar adiante os temas máis importantes que se producen e así está recollido nas actas. Que non entende que de cara á opinión pública se vexa que este pacto é para garantila gobernabilidade do municipio de Padrón porque, desde o seu punto de vista, a gobernabilidade nunca estivo en dúbida porque en numerosas ocasións como no tema de orzamentos, peatonalización ou recoñecementos extraxudiciais, procuraron votar a favor. Que a competencia de facer pactos con quen cosidere oportuno é de competencia do goberno e el nese aspecto non ten nada que obxectar e o único que lles desexa é que acerten polo ben e interese xeral. Fai fincapé no tema das retribucións e recorda que CIPa ao principio do anterior mandato subscribiu un acordo onde se establecía un tope salarial aos membros do equipo de goberno e en numerosas ocasións manifestou que foi un erro pola súa parte impor ese teito salarial porque o máis importante é a xestión. Que aquela persoa que realiza un traballo para a administración ou para un goberno terá que ter unhas retribucións xustas en relación co traballo realizado e tamén porque dalgunha maneira é un reforzo para ese xestor político para que non se preste a outro tipo de cousas que están no candelero últimamente. Repite o dito na Comisión iformativa de que para eles esas retribucións son escasas.

Salienta que ao principio da lexislatura o PGD foi un dos partidos políticos da Corporación que apostou abertamente por facer unha moción de censura ao goberno municipal. Que iso está recoñecido na hemeroteca dos medios de comunicación e ese afán de presentala mantívose ata o último momento ata negociar co goberno ou xa negociando, que é unha dúbida que ten, e non entende a que se debe ese cambio de rumbo porque no mes de marzo apareceu unha noticia nos medios de comunicación na cal se dicía que ou ben era o voceiro do BNG ou o voceiro da CIPa os que estaban facendo pinza para que non se producira un cambio de goberno municipal neste municipio e iso está moi alonxado da realidade dado que eles non estaban pola labor de presentar unha moción de censura por presentala senón presentada cun programa serio enriba da mesa e cun compromiso serio de gobernabilidade. Que non ían dar unha carta en branco a ninguén. Que se lle pediu por parte do representante do PGD que asumiran unha serie de responsabilidades no goberno municipal e despois de meditalo e pensalo decidiron asumir esas responsabilidades pero cunhas condicións e esas condicións no seu momento non foron aceptadas porque non se podía superar o teito salarial dos 75.000 euros que se lle impuxera aos órganos de goberno municipais. Quere deixar ben claro que CIPa en ningún momento puxo obstáculos a que se gobernara o municipio nin aos que pretendían presentar a moción de censura nin ao



# Padrón

## Concello de Padrón

CIF P1506600D  
Rúa Longa, 27  
15900 Padrón, A Coruña  
[correo@padron.gal](mailto:correo@padron.gal)  
[www.padron.gal](http://www.padron.gal)  
Tfl: 981 81 04 51  
Fax: 981 81 15 50

gobierno municipal cando necesitaba o apoio de CIPa para sacar cousas adiante. Que nin fixeron chantaxe, nin demagogia, nin foron irresponsables e sempre foron consecuentes co que fixeron. Que non cambiaron de postura nin desde o principio do mandato nin ata o de agora, polo que ninguén ten que achacarilles nada. Que lle preocupa que se tiñan un plan de goberno ou deseñado un programa de traballo entre catro grupos políticos (PSOE, AxP, VÑ e PGD) e como se explica que un dos que asinaron ese acordo de gobernabilidade para Padrón se desmarque e se vaia ao outro bando sen sacar unha nota de prensa ou explicalo públicamente aos veciños. Que lle gustaría que se aclararan as cousas como hai que aclaralas. Insiste que quede claro que CIPa nunca se negou ao desarrollo do Concello de Padrón e nunca fixo pinza en asuntos de interese xeral que prexudicaran ao conxunto da cidadanía.

Sr. Santaló Ríos. Di que en canto ao compatibilidade non ten nada que obxectar pero en canto ao pacto de goberno si ten moito que dicir. Que o PP e PGD fixeron unha valoración pública dese acordo en termos moi positivos: a satisfacción das partes, que foi unha negociación moi doada e que van ser como un equipo único. Que estes dous partidos está ben que sexa así pero non lle cadra que esperaran dous anos para escenificar este pacto si ambos coincidían tanto en todo e todo era tan fácil. Pregúntase por que o PGD andivo a dar voltas e a buscar unha alternativa ao PP que non lograba por culpa doutros, maiormente o BNG, cando o que trataban era de mellorar a súa posición negociadora cos seus socios naturais. Dille ao señores do PGD que merecen o máis duro reproche. Que os xogos nos que andiveron non son de lei e non estiveron ben, e coída que aínda non están cando teñen que andar a xustificar e deixar caer que o que fan é porque non lles quedou máis remedio e non é así porque o fan porque participan dos mesmos principios ideolóxicos e son os seus socios naturais e sería importante que o recoñeceran. Que en canto ás retribucións di que é coñecida a posición do BNG de que o desempeño dos cargos electos debe ser retribuído dignamente porque defenden e recoñecen a dignificación do honrado traballo político e defenden a democratización destes para que calquera, teña os recursos que teña, poida dedicarse a esta tarefa. Que vai votar en contra non pola cantidade senón porque os concelleiros do PGD votaron, no pleno do 2 de xullo do 2015, a favor de que as retribucións dos cargos electos non deberían superar os 75.000 € e agora están a incumplir o que eles mesmos impuxeron e votaron. Quere recordar que o BNG votou entón en contra desta medida e non se poden manter uns principios dependendo da situación que se ocupe. Cree que nunca segundas partes foron boas e non foi satisfactoria a primeira parte do pacto no anterior mandato e non o vai ser neste. Que en política e na vida non se pode apostar por unha cousa e logo apostar pola contraria que é xusto o que fan porque hai uns días dicían que o peor para Padrón era o PP e agora están a dicir que o mellor é consolidalo no poder. Pregunta cando estaban equivocados: antes ou agora. Que están consolidando ao PP, un partido moi de dereitas, centralista, que nega a peculiaridade cultural e nacional de Galiza, que limita o emprego do galego no ensino, que bloquea o traspaso da AP-9, que aínda non condenou o golpe de Franco e moitas máis cousas, aínda que se din galeguistas. Que é un partido que está deixando a Padrón que afogue, que non fai nada para frear a marcha da poboación, frear o desemprego, para paliar a caída do comercio, que deixa en precario servizos básicos e se desentende dos problemas dos cidadáns. Que ese é o aliado que voluntariamente buscou o PGD. Que deben pronunciarse e a partir de agora van ter que facelo: se están pola municipalización ou pola privatización dos servizos municipais, que tipo de convenio queren para os traballadores municipais, que servizos teñen prioridade e cales non. Que a partir de agora van ter que facelo e seguir unha liña ideolóxica ben marcada. Que non é certo que o Concello de Padrón estivera bloqueado politicamente porque foron moitos os temas de interese común que recibiron o apoio da oposición, aínda non concordando na maneira de facer as cousas: a peatonalización, os plans de obras e servizos, ordenanzas de interese xeral... Que o concello non perdeu fondos nin ningún programa nin ningunha subvención por bloqueo da oposición e nin siquera os abusivos recoñecementos extraxudiciais de crédito foron rexeitados. Recorda que o PGD votou en contra do recoñecemento primeiro do 2017 de 328.777,33 €. Que desde o comenzo da lexislatura o BNG deixou claro que non pactaría co PP e a día de hoxe segue a dicir o mesmo e iso supón non pactar con ningunhas das siglas que sexan cómplices das súas políticas tan nefastas para este país.

Sr. Rodríguez Conde. Dalle as gracias ao señor Rodríguez Carbia porque eles tamén desexan que sexa un pacto que beneficie a todos os padroneses e considera que vai ser así e por iso se asinou. Que ese acordo de gobernabilidade asinouse tan pronto porque eles xa tiñan asinado un acordo de gobernabilidade cun programa para Padrón con outros grupos políticos e cando xa se romperan as negociacións con eles, foi cando lles chamou o Alcalde, despois de que saíra a nota na prensa. Que uns días despois desa nota de prensa chamoulle o Alcalde para negociar e díxolle que tiñan un acordo firmado co PSOE, VÑ e AxP e que

tiñan un proxecto para Padrón e si el estaba disposto a asumir ese proxecto poderíanse sentar a negociar. Que o Alcalde estudiou ese proxecto e díxolle que si e a partir de aí empezaron a traballar para este pacto. Que con respecto ao señor Santaló Ríos xa queda contento porque conseguiu que levara por primeira vez algo escrito e xa redactado dado que no resto dos dous anos o único que levou foron mocións-tipo do BNG. Recorda que o señor Santaló Ríos foi o único que renunciou o día da investidura a ser candidato a Alcalde de Padrón e para el foi algo sorprendente: que unha persoa que se presenta a unhas eleccións renuncie a ser candidato a Alcalde. Tamén lle recorda que o PGD e o BNG foron da man nunhas eleccións.

Sra. Rey Pazos. Di que sinte comunicar que a función que hoxe dá comenzo e ten como protagonistas aos "títeres" do PGD e como "titiriteiro"...

Sr. Alcalde. Interrumpe á señora Rey Pazos e dalle un primeiro aviso.

Sra. Rey Pazos. ... ao goberno do PP...

Sr. Alcalde. Dalle un segundo aviso á señora Rey Pazos e dille que nin eles son títeres nin el titiriteiro. Que non vai permitir insultos no pleno e no que vai de pleno estiveron dirixíndose uns a outros con educación. Insiste que non vai permitir insultos a esta Corporación.

Sra. Rey Pazos. Pide que lle explique en que é un insulto.

Sr. Alcalde. Contesta que son membros da Corporación.

Sra. Rey Pazos. Replica que non está insultando. Que vai utilizar unha comparación dun espectáculo de teatro para escenificar isto e non está insultando a ninguén. Dille que colla o diccionario da Real Academia e mire o que significa títere e titiriteiro. Considera que o criterio do señor Alcalde é un pouco inxusto. Que hai liberdade de expresión e cree que non está insultando a ninguén.

Sr. Alcalde. Dille que continúe e verá.

Sra. Rey Pazos. Segue decindo que teñen unha función e que esta función non é nova senón máis ben un remake dunha función que xa viron no ano 2012 e que tivo moi pouco éxito de taquilla sobre todo se teñen en conta que no ano 2014 os "monicreques" do PGD abandonaron a representación...

Sr. Alcalde. Interrumpe á señora Rey Pazos e dalle un segundo aviso. Avísalle de que si lle dá outro máis vai fóra do pleno.

Sra. Rey Pazos. Pide a intervención da secretaria para que dirima.

Sr. Alcalde. Contesta que a secretaria non dirixe este debate, que o debate o dirixe el.

Sra. Rey Pazos. Insiste en que non son insultos e que é coartar a liberdade de expresión.

Sr. Alcalde. Retíralle a palabra á señora Rey Pazos e dille ao señor González Pardal que ten a palabra.

Sra. Rey Pazos. Di que non leeu nada e que non se lle está deixando intervenir.

Sr. Alcalde. Di que non permite que se insulte aos membros da Corporación nin ao Alcalde. Que alí ninguén é títere nin titiriteiro nin monicreque. Insiste que non o vai permitir.

Sra. Rey Pazos. Replica que o señor Alcalde fixo unha apreciación subxectiva de que ela fixera acoso laboral.

Sr. Alcalde. Dalle o terceiro aviso á señora Rey Pazos e pídelle que abandone o pleno.

Sr. González Pardal. Di que é unha estratexia política o que están facendo. Que é moi lícito de facer e concorda co concelleiro de que se romperon as negociacións e se optaron por outras. Discrepa nalgúns cousas e falará con el fóra do pleno porque son temas máis de partido e non son para falar nun pleno porque non afectan aos cidadáns. Que o único que pide é que traballen para facer cousas por Padrón. Que no tema dos soldos está de acordo co dito polo concelleiro de CIPa e que cada un si traballa ten que cobrar. Espera que as mocións que presentou o PGD, agora que están no goberno, as poidan levar a cabo e que ese presuposto tan desexado se faga efectivo porque agora teñen unha maioría absoluta ao igual que eses contratos que están vencidos e as licitacións que tantas veces pediron que saíran á luz, como a empresa





# Padrón

## Concello de Padrón

CIF P1506600D  
Rúa Longa, 27  
15900 Padrón, A Coruña  
[correo@padron.gal](mailto:correo@padron.gal)  
[www.padron.gal](http://www.padron.gal)  
Tfl: 981 81 04 51  
Fax: 981 81 15 50

que fai a limpeza na praza de abastos, a empresa de servizos sociais ou o contrato do centro social. Que espera este pacto acabe ben e non en divorcio por segunda vez e van ter o apoio de AxP en todo o que sexa referente ao benestar do pobo e á mellora do pobo para que vaia para adiante, como xa o tiña antes o PP. Que ese consenso polo que abogaban antes espera que agora exista e sexa efectivo. Deséxalle sorte para intentar cambiar o rumbo do pobo.

Sr. Forján Seoane. Dille ao PP e ao PGD que están dicindo en prensa que tiñan dificultade para sacar adiante proxectos e que se siguen manifestando iso están faltando á verdade porque é moi fácil de comprobar e demostrar que tiveron o apoio non só do PSOE senón de todos os grupos nas propostas e non hai máis que remitirse ás actas dos plenos. Dille e matiza ao PGD que o acordo que tiñan os seis concelleiros nunca se rompeu, que estaba asinado e sigue asinado, pero outra cousa moi diferente é que non se acadaran os sete votos necesarios para presentar a moción de censura. Insiste que non se rompeu o acordo que había entre eses seis concelleiros. Que acaba de entender que o PGD lle presentou ao señor Alcalde como ruta de traballo o acordo que tiña acadado con eses cinco concelleiros que asinaron o pacto e si é así non o entende. Pregunta se os utilizou de títeres para conseguir un proxecto que despois lle presenta ao PP e acada un acordo con ese proxecto.

Sr. Alcalde. Dalle un primeiro aviso ao señor Forján Seoane.

Sr. Forján Seoane. Insiste que o Alcalde tivo todo o apoio dos grupos da oposición ou polos menos os suficientes para sacar as propostas e proxectos adiante e outra cousa é que en algunhas cuestións non fose capaz de chamalos para falar ou de presentar os seus proxectos e refírese en concreto aos orzamentos. Espera que o pacto funcione polo ben de Padrón e espera que a partir de agora non se empece a aplicar o rodillo como viña sendo habitual porque deixaría en moi mal lugar, non só ao PP, senón tamén ao PGD que durante dous anos estivo reclamando unhas actuacións. Que xa antes alguén lle recordou ao PGD que lle vale igual o BNG que o PP para estar aí. Quere que se lle explique por parte do PGD por que durante as negociacións se mantiveron en que non se podía pasar dos 75.000 € e agora abandonan esa premisa, incuestionable naquel momento, e pasan a 84.000 €. Que romperon os seus principios fundamentais e quería que lle explicaran os membros do PGD ese cambio de posición.

Sr. Alcalde. Matiza que o PGD non pediu retribucións en ningún momento da negociación pero o que entrara a gobernar tiña que ter unha retribución. Engade que os grupos da oposición negociaron e el nunca se meteu nesa negociación, pero que el tamén ten dereito a negociar.

Sr. Rodríguez Conde. Dalle as gracias ao señor González Pardal polas súas palabras. Aclara que a decisión de entrar no goberno foi para cambiar ese rumbo que designara o PP e eles intentar, coa súa incorporación, cambiar "esas cousas coas que non estaban de acordo". Que poderían seguir traballando na oposición, pero consideraron que había que dar un paso adiante con todo o que conleva. Que na vida sempre se cometen erros e intentarán subsanalos. Que intentarán non usar o rodillo e traballar consensuado con todos. Que con respecto ao dito polo señor Forján Seoane, chócalle que lle diga o de cambiar ou non cambiar, cando o sentido común, que ás veces non impera nos políticos, di que o PP é a forza máis votada e a seguinte é o PGD e o normal é que se houbera unha alternativa ao PP o que encabezara esa alternativa fora o PGD, pero primando aos intereses dos veciños consideraron que era importante un cambio nas políticas que estaba desenvolvendo o PP e aínda así decidiron dar un paso atrás e darlle a Alcaldía á terceira forza. Pensa que eses son cambios que interpoñen o interese xeral dos veciños ante o interese persoal ou partidista dalgún partido. Que a diferenza entre o PSOE e eles é que eles só pensan en Padrón, ao mellor algún pensa en ideoloxías ou non cando din que están con uns ou con outros. Que eles teñen un proxecto e estiveron sentados co PSOE e participaron tódas as formacións dentro dese acordo propoñendo ideas e proxectos que consideraban que era o mellor para Padrón. Que ese mesmo proxecto foi o que lle presentaron ao PP e o aceptou. Que cando se está negociando se presentan unhas propostas ao igual que facían con eles, que por certo tardaron oito meses para poñerse de acordo e non sabe por culpa de quen sería, e co PP en vinte días se puxeron de acordo porque puxeron enriba da mesa que o principal era Padrón. Que o tempo lles dará ou lles quitará a razón e si cometen erros serán sen intención. Insiste en que o que os diferencia co PSOE e que o único que lle interesa é Padrón e lle dá igual cuns que con outros. Que xa o demostraron cando lle daban a Alcaldía ao PSOE cando non lle correspondía, así como xa lla deron no ano 2007 cando lle deron o voto sen pedir nada a cambio e tendo os mesmos concelleiros, pero como tiñan

dito na campaña que apoiarían á lista máis votada que non fora o PP, cumpriron a súa palabra e apoiaron a Camilo Forján Seoane como Alcalde do PSOE por ser a segunda forza máis votada despois do PP, en número de votos e non en número de concelleiros. Que esa é a diferenza.

Sr. Forján Seoane. Pregunta si está insinuando que o pacto non se asinou por culpa del e quere que quede ben claro que tampouco foi polo seu grupo.

Sr. Rodríguez Conde. Contéstalle que non foi polo seu grupo.

Sr. Forján Seoane. Quere que non entre no debate de si son a primeira forza ou a segunda, porque nas anteriores o PSOE tiña máis votos que o PGD e negáronse a chegar a un acordo e acabouno asinando co PP. Que foi moito máis grave porque intentaron puentéalos negociando coa dirección do PP en Santiago.

Sr. Santaló Ríos. Di que na intervención do señor Rodríguez Conde acaba de reforzar e darlle a razón ao BNG recordando que participou nunha coalición co BNG e agora o está facendo co PP. Que están todos por Padrón e todos cren que o seu partido político é o mellor que pode levar a cabo as reformas que necesita Padrón. Que non pode estar cunha cousa e apostar pola contraria. Que non se leva mal nin lle caen mal os seus compañeiros da Corporación, pero eles son dun partido, dunha ideoloxía e él é doutra, polo que están en posicións distantes e ten moi claro que non vai colaborar politicamente, salvo nos asuntos que teñan que exercer responsabilidade para Padrón. Que el renunciou porque tamén quere levar a cabo o seu programa. Que non está aí por estar senón que está para poder desenvolver o seu programa e esa é a diferenza entre eles. Que él non quere estar aí coste o que coste, de calquera maneira, senón pode levar a cabo o que lle explicou aos veciños no seu programa. Que respecta os pactos pero non quere que meta ao BNG polo medio.

Non habendo máis intervencións, o Presidente somete a proposta a votación ordinaria, producíndose o seguinte resultado:

VOTOS A FAVOR: Sete (7), emitidos pola concelleira e polos concelleiros do PP, señora Couso Dopazo e señores Fernández Angueira, Pardo Andrade, Sanmarco Santos e García Dios e polos concelleiros do PGD, señores Rodríguez Conde e Guillán Iglesias.

VOTOS EN CONTRA: Catro (4), emitidos polos concelleiros do PSdeG-PSOE, señores Forján Seoane e Piñeiro Otero, polo concelleiro de AxP, señor González Pardal e polo concelleiro do BNG, señor Santaló Ríos

ABSTENCIÓNS: Unha (1), emitida polo concelleiro da CIPa, señor Rodríguez Carbia.

Verificado o cómputo da votación, o Pleno da Corporación acorda por maioría das concelleiras e dos concelleiros presentes aprobar a proposta do alcalde de data 7 de abril de 2017 nos termos expresados anteriormente.

## **2.- APROBACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO.**

Dase conta da seguinte proposta de data 7 de abril de 2017, que di:

### **<<Antecedentes administrativos:**

**Primeiro.** O 02/01/2017 por providencia da alcaldía incoase procedemento do presente expediente no que se pon de manifesto a necesidade do Concello de Padrón de acordar a imposición da taxa por servizos de prevención e extinción de incendios, prevención de ruínas, derrubamento, salvamento, protección de persoas e outros semellantes e aprobación da súa ordenanza fiscal reguladora.

**Segundo.** O 04/04/2017 finalizase e redáctase o informe técnico-económico sobre o custe do servizo que constitúe o feito imponible da taxa pola prestación do servizo de contra incendios e salvamento, unha vez recabados os datos da contabilidade municipal e os informes do xefe do servizo, así como todos aqueles datos necesarios para a elaboración do citado informe, no que se pon de manifesto que as tarifas da taxa proposta non superan o custo do servizo de de conformidade co disposto nos artigos 24.2 e 25 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.





# Padrón

## Concello de Padrón

CIF P1506600D  
Rúa Longa, 27  
15900 Padrón, A Coruña  
[correo@padron.gal](mailto:correo@padron.gal)  
[www.padron.gal](http://www.padron.gal)  
Tfl: 981 81 04 51  
Fax: 981 81 15 50

Terceiro. A vista do informe técnico-económico, o 05/04/2017 redáctase proposta de ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación do servizo de contra incendios e salvamento polo concelleiro delegado de emerxencias.

Cuarto. O 05/04/2017 emítase informe da intervención municipal de fiscalización da ordenanza no que se informa de conformidade xeral a proposta de ordenanza fiscal.

### Fundamentos de Dereito.

**Primeiro.** Considerando que o Concello de Padrón necesita acordar a imposición da taxa por servizos de prevención e extinción de incendios, prevención de ruínas, derrubamento, salvamento, protección de persoas e outros semellantes e aprobación da súa ordenanza fiscal reguladora polo Pleno da Corporación Municipal.

**Segundo.** Considerando que respecto aos servizos que se prestan de prevención e extinción de incendios, prevención de ruínas, derrubamento, salvamento, protección de persoas e outros semellantes pódese e débese establecer e esixir unha taxa pola prestación dos servizos inherentes á mesma para dar cumprimento á lexislación que propugna o efectivo financiamento dos servizos públicos coa imposición de taxas e prezos públicos.

**Terceiro.** Considerando que os Concellos teñen recoñecida a potestade regulamentaria e a potestade tributaria e financeira ao amparo do disposto nos artigos 133.2 e 142 da Constitución Española e dos artigos 4.1.a) e 4.1.b) da Lei de Bases de Réxime Local.

**Cuarto.** En uso das facultades conferidas polo artigo 106.2 da Lei de Bases de Réxime Local e segundo o disposto nos artigos 15 e seguintes do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais,

### PROPOÑO AO PLENO DA CORPORACIÓN A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO:

**Primeiro.** Aprobar a imposición da taxa por servizos de prevención e extinción de incendios, prevención de ruínas, derrubamento, salvamento, protección de persoas e outros semellantes.

**Segundo.** Aprobar inicialmente a Ordenanza fiscal reguladora da taxa por servizos de prevención e extinción de incendios, prevención de ruínas, derrubamento, salvamento, protección de persoas e outros semellantes, segundo a proposta redactada polo concelleiro delegado de emerxencias do seguinte tenor literal:

#### <<ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO

**ARTIGO 1º. FUNDAMENTO E NATUREZA.**

**ARTIGO 2º. FEITO IMPOÑIBLE E OBRIGA DE CONTRIBUÍR.**

**ARTIGO 3º. OBRIGADO TRIBUTARIO.**

**ARTIGO 4º. RESPONSABLES.**

**ARTIGO 5º. EXENCIÓNS SUBXECTIVAS.**

**ARTIGO 6º. COTA TRIBUTARIA.**

**ARTIGO 7º. LIQUIDACIÓN E INGRESO.**

**ARTIGO 8º. PRESTACIÓN DO SERVIZO FÓRA DO CONCELLO DE PADRÓN.**

**ARTIGO 9º. INFRACCIÓNS E SANCIÓNS TRIBUTARIAS.**

#### DISPOSICIÓN FINAL

**ARTIGO 1º. FUNDAMENTO E NATUREZA.**

En uso das facultades concedidas polo artigo 150 e concordantes da Lei reguladora das facendas locais, texto refundido

aprobado polo Real decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo (en diante, LRFL), e de conformidade co disposto polos artigos 15 e seguintes da LRFL, establece a taxa pola prestación do servizo de extinción de incendios e de salvamentos á que fai referencia o artigo 20.4.k) do mencionado texto legal (LRFL) e que estará regulada polas normas ao efecto contidas na presente Ordenanza fiscal, así como as de aplicación contidas tanto na propia LRFL como na Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, e demais que lle foran tamén de aplicación.

#### **ARTIGO 2º. FEITO IMPOÑIBLE E OBRIGA DE CONTRIBUÍR.**

1. Constitúe o feito impoñible da taxa, a prestación dos servizos de extinción de incendios e salvamentos que a seguir se indica, os cales son de recepción obrigatoria:

a) A asistencia prestada en caso de incendios e/ou alarmas destes, salvamentos en xeral, afundimentos de edificios e construcións, ruínas ou prevencións destas, accidentes de tráfico, inundacións e calquera outra situación análoga que motive a necesidade de intervención dos servizos de emerxencias do concello de Padrón, ben sexa por solicitude de particulares interesados, ou ben sexa de oficio por razóns de seguridade sempre que a prestación do devandito servizo redunde en beneficio do suxeito pasivo.

b) A presenza de persoal e materias do servizo en concentracións, espectáculos e outros, con fins preventivos.

c) Calquera outro servizo de recepción obrigatoria que fora prestado polos servizos de emerxencias do concello na materia obxecto desta taxa.

d) A realización de actuacións que, aínda non sendo de recepción obrigatoria, foran prestadas polo persoal do servizo a requirimento dos interesados.

2. A obriga de contribuír nacerá e producirase a devindicación ou adquisición do dereito á percepción da taxa polo concello, no momento no que saia do parque dos servizos de emerxencias a dotación correspondente para levar a cabo ou seu cometido.

3. Non estarán suxeitos ao pagamento da taxa regulada nesta Ordenanza, os servizos de prevención xeral realizados a instancia do propio concello, nin aqueles outros servizos que se presten en beneficio da xeneralidade da veciñanza ou dunha parte considerable desta, tales como os prestados en casos de catástrofe ou calamidade pública oficialmente declarada.

#### **ARTIGO 3º. OBRIGADO TRIBUTARIO.**

1. Son obrigados tributarios, en concepto de contribuíntes, as persoas físicas e xurídicas ás que fai referencia o art. 35 da Lei Xeral Tributaria, incluídos os mencionados no apartado 4 do mesmo., que sexan usuarios dos bens sinistrados e que foran obxecto da prestación do servizo. Entenderase por usuarios/as, aos propietarios/as, arrendatarios/as, usufrutuarios/as e posuidores, por calquera título, dos bens obxecto de actuación. Nos servizos de salvamento, será obrigados tributarios, os que teñan solicitado o servizo ou en cuxo interese redunde a prestación realizada.

2. Terán a condición de substituto do contribuínte, no caso de prestación do servizo de prevención e extinción de incendios, prevención de ruínas, construcións e derrubes, salvamentos e, en xeral, de protección de persoas e bens, as entidades ou sociedades aseguradoras do risco.

#### **ARTIGO 4º. RESPONSABLES.**

1. Serán responsables solidarios da débeda tributaria, as persoas ou entidades ás que fai referencia o artigo 42 da Lei xeral tributaria.

2. Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 43 da Lei xeral tributaria.

#### **ARTIGO 5º. EXENCIÓNS SUBXECTIVAS.**

1. Estarán exentos os contribuíntes que sexan beneficiarios das prestacións económicas de apoio á convivencia e autonomía persoal, emerxencia social e inserción social, de conformidade co regulamento de prestación económicas dos servizos sociais comunitarios.

2. Os suxeitos pasivos que estean na/s situacións descritas no apartado anterior, deberán solicitalo por escrito ao concello, acompañando a documentación acreditativa das circunstancias nas que se fundamenta dita exención. O prazo para se solicitar a exención será do máximo dun mes, contado desde a data da intervención dos efectivos do servizo.

3. Fóra dos supostos indicados non serán aplicables outros beneficios fiscais, salvo os que estean expresamente amparados en normas con rango de lei e os derivados de tratados internacionais.



# Padrón

## Concello de Padrón

CIF P1506600D  
Rúa Longa, 27  
15900 Padrón, A Coruña  
[correo@padron.gal](mailto:correo@padron.gal)  
[www.padron.gal](http://www.padron.gal)  
Tfl: 981 81 04 51  
Fax: 981 81 15 50

### ARTIGO 6º. COTA TRIBUTARIA.

1. A cota tributaria determinarase en función do número de efectivos, dos materias empregados na prestación do servizo, o tempo invertido nesta e o percorrido efectuado polos vehículos que actúen e, no seu caso, polas especiais incidencias na prestación do servizo, tal e como figura no apartado seguinte.

2. Aos efectos anteriores, aplicaranse as seguintes tarifas:

Persoal	Taxa
Xefe do Servizo / Xefe Parque	30 €/hora ou fracción
Xefe de Equipo / Cabo	25 €/hora ou fracción
Persoal de intervención / Bombeiro	22 €/hora ou fracción

Vehículos	Taxa
BUP (Bomba Urbana Pesada)	60 €/hora ou fracción
BFP (Bomba Forestal Pesada)	60 €/hora ou fracción
BNP (Bomba Nodrizza Pesada)	60 €/hora ou fracción
BUL (Bomba Urbana Lixeira)	55 €/hora ou fracción
Camión grúa	70 €/hora ou fracción
PICK-UP	35 €/hora ou fracción
UMJ (Unidade de Mando e Xefatura)	30 €/hora ou fracción
UPC (Unidade Mixta de Persoal e Carga)	30 €/hora ou fracción
BUS (Unidade de Transporte de Persoal)	30 €/hora ou fracción
Outros vehículos pesados	60 €/hora ou fracción
Outros vehículos lixeiros	30 €/hora ou fracción
REM (Remolque Escada Manual)	40 €/hora ou fracción
RUV (Remolque Usos Varios)	20 €/hora ou fracción
RSA (Remolque Salvamento Acuático)	30 €/hora ou fracción
RUC (Remolque Unidade Canina)	30 €/hora ou fracción
Outros remolques	20 €/hora ou fracción
BSA (Barca de Salvamento Acuático)	40 €/hora ou fracción

Quilometraxe	Taxa
Quilómetro (contabilizarse ida e volta)	1 €/quilómetro

Material	Taxa
Equipos de respiración autónoma (ERA)	25 €/unidade
Recarga de aire comprimido ERA	15 €/unidade
Extintores	40 €/unidade
Mangueras e accesorios	15 €/tramo
Xerador de espuma	30 €/hora ou fracción
Xerador eléctrico	35 €/hora ou fracción

Equipo de submarinismo	50 €/hora ou fracción
Detector de gases	30 €/hora ou fracción
Bomba achique pequena	25 €/hora ou fracción
Bomba achique grande	35 €/hora ou fracción
Detector de temperatura	10 €/hora ou fracción
Detector de gases	30 €/hora ou fracción
Cámara termográfica	40 €/hora ou fracción
Equipo de rescate de altura/subsolo	30 €/hora ou fracción
Equipo de excarceración	100 €/hora ou fracción
Equipos de iluminación	20 €/hora ou fracción
Motoserras ou motoradiais	30 €/hora ou fracción
Padiolas de rescate	20 €/hora ou fracción
Outros equipos especiais	40 €/hora ou fracción
Ferramentas e útiles	2 €/hora ou fracción
Espumóxeno	10 €/litro
Dispersante	12 €/litro
Absorbente	15 €/litro
Maniquies de prácticas	20 €/hora ou fracción

Tarifas mínimas	Taxa
Cando se solicite a saída para un servizo e non se chegue a intervir, contabilizarase o persoal e vehículos mobilizados	<i>ver taxa anterior</i>
Apertura de portas	90 €
Retirada ou captura de animais na vía pública, salvo que, da liquidación dos elementos persoais e materiais utilizados resulte unha cota superior.	120 €
Prestación de servizos tales como desconexión de alarmas, retirada de elementos arquitectónicos que ameacen ruína e outros similares, salvo que, da liquidación dos elementos persoais e materiais utilizados resulte unha cota superior.	80 €

Formación / simulacros	Taxa
Por formación impartida polo persoal do Servizo de Emerxencias de Padrón a asociacións, empresas, particulares ou a calquera outra entidade e organismo	50 €/hora ou fracción
Material empregado durante a formación	<i>ver taxa anterior</i>
Vehículos empregados	<i>ver taxa anterior</i>

Implantación de plans de autoprotección	Taxa
Entidades de ata 100 persoas	250 €
Entidades de máis de 100 persoas	250 € + 1,6 € / por cada persoa adicional ós 100



# Padrón

**Concello de Padrón**

CIF P1506600D

Rúa Longa, 27

15900 Padrón, A Coruña

[correo@padron.gal](mailto:correo@padron.gal)

[www.padron.gal](http://www.padron.gal)

Tfl: 981 81 04 51

Fax: 981 81 15 50

Expedición de documentos administrativos	Taxa
Por emisión de informes en relación as intervencións realizadas polo servizo	35 € cada informe
Pola copia de informes emitidos en soporte de papel	0,50 € por cada folla
Pola copia de informes emitidos en soporte dixital (CD ou DVD)	1,50 € por cada CD / DVD
Por fotografías requiridas acompañando ós informes citados	3 € cada fotografía
Pola remisión de calquera dos documentos anteriores mediante correo certificado ou ordinario	4,50 € cada remisión

INCREMENTOS DAS TARIFAS ANTERIORES:

## 1. SERVIZOS FÓRA DO TERMO MUNICIPAL:

Os membros dos servizos de emerxencias poden actuar fora do seu termo municipal cuando sexan requeridos por la autoridade competente en situacións de emerxencia. Os servizos efectuados fóra do termo municipal terán unha recarga do 50% sobre a tarifa resultante.

## 2. INCIDENTES CON MATERIAS PERIGOSAS:

Naqueles incidentes nos que haxa presenza de substancias tóxicas, inflamables, explosivas, etc. en cantidades ou condicións non permitidas polas disposicións legais aplicables, recargarase a tarifa resultante nun 100%

### ARTIGO 7º. LIQUIDACIÓN E INGRESO.

De acordo cos datos remitidos no parte de intervención emitido polo persoal do servizo, no que constan a identificación do ben ou bens sinistrados, nome do usuario do servizo e titulares do ben, compañía aseguradora do risco e número de póliza, así como a especificación dos servizos prestados, dotación do persoal e material, tempo empregado e demais datos e indicadores necesarios, practicarase a liquidación que corresponda, que será aprobada mensualmente na oportuna resolución conxunta dese fin para se notificar, individualmente co fin do seu ingreso directo na forma e prazos sinalados no Regulamento Xeral de Recadación, ben na oficina de recadación municipal ou no número de conta que indique o Concello.

### ARTIGO 8º. PRESTACIÓN DO SERVIZO FÓRA DO CONCELLO DE PADRÓN.

Para a realización de tal servizo bastara a solicitude do servizo a través do CAE 112 ou, no seu caso, da xerencia do Consorcio ou do Parque de Bombeiros do que teña dependencia o servizo de emerxencias de Padrón ou ben por orde do Alcalde ou concelleiro delegado. Concederase, en todo caso, cando o servizo o permita.

### ARTIGO 9º. INFRACCIÓN E SANCIÓN TRIBUTARIAS.

En materia de cualificación das infraccións e da aplicación das sancións que ás mesmas correspondan, estarase ao disposto nos artigos 178 e seguintes da Lei Xeral Tributaria.

### DISPOSICIÓN FINAL

A presente ordenanza estará en vigor tras a preceptiva aprobación plenaria e exposición pública da mesma e será de aplicación de acordo co disposto no Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo cal se aproba o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais mentres non se acorde a súa derogación ou modificación expresa.>>

**Terceiro.** Abrir un período de información pública e dar audiencia aos interesados polo prazo de trinta días hábiles a contar desde o seguinte ao da publicación do correspondente anuncio no Boletín Oficial da Provincia para que poidan examinar a ordenanza fiscal e presentar alegacións e suxestións ante o Pleno. A ordenanza fiscal considerárase definitivamente aprobada, sen necesidade de novo acordo plenario, si durante o citado prazo non se presentan reclamacións, en caso contrario, o Pleno disporá de un mes para resolvelas.

**Cuarto.** Unha vez aprobada definitivamente a ordenanza fiscal, publicarase no Boletín Oficial da Provincia e remitirase unha copia da mesma á Administración Xeral do Estado e da Comunidade Autónoma de Galicia.>>

Aberta a quenda de debate prodúcense as seguintes intervencións de xeito resumido:

Sr. Rodríguez Carbia. Ratifica o dito o outro día na comisión informativa e aínda ten dúbidas sobre a viabilidade económica do servizo dado que hai un desfase económico entre as subvencións concedidas por parte da Xunta e da Deputación e o coste en si do servizo. Entende que este servizo tería que ser asumido pola propia Deputación da Coruña porque o Concello está a asumir demasiadas cargas impositivas que considera lle corresponden a outras administracións. Que nestes momentos a situación económica do Concello de Padrón e da maior parte dos concellos de Galicia é a que é, por falta de liquidez económica a maior parte deles están acollidos ao plan de axuste. Volve insistir en que este servizo debería ser asumido pola propia Deputación. Que considera que o custo do persoal, integrado por doce persoas, é demasiado elevado para os intereses económicos do concello. Que non fala do funcionamento do servizo porque lle parece impecable, pero outra cousa moi diferente é a rentabilidade económica e senón se poden ter doce ao mellor teríase que asumir seis en vez de doce. Que polo aluguer da nave, onde está ubicado o servizo, están pagando 12.000 € e considera que é unha cantidade demasiado elevada e que deberían de pedir varios presupostos para ver si, nas mesmas condicións, poderían ofertar a unha nave máis económica. Cree que antes de proceder ás reformas que se fixeron na nave se debería ter en conta esa posibilidade que está apuntando. Volve insistir na reparación da maquinaria e o concelleiro que se faga cargo da área correspondente terá que xustificar que as reparacións da maquinaria para o funcionamento do servizo se están executando de forma correcta e pedir tres ou catros presupostos a empresas diferentes. Que a aqueles presupostos que foran máis beneficiosos adxudicarlles a reparación e abrir un expediente por cada reparación, non de palabra. Que non comparte, aínda que sexa unha taxa modelo, a taxa que se pretende aplicar ao funcionamento deste servizo porque aínda que siga o modelo de taxas doutros concellos considera que son demasiado elevadas porque cada saída do servizo, por mínima que sexa, vai significar que o contribuínte padronés teña que pagar unha media entre 500 e 600 € e iso lle parece unha cifra moi elevada. Que haberá cidadáns que teñan seguros de vivenda que lle poidan cubrir eses gastos pero haberá outros que non teñan e se lle vai medio salario mensual. Quere diferenciar dous tipos de saídas do servizo, unha dos particulares e outra das empresas, que xa están máis reforzadas con eses seguros que dispoñen para accidentes. Que antes de levar a pleno a taxa debeuseltes dar un borrador para introducir suxestións porque aínda que esperara quince días máis non pasaba nada. Que lle gustaría que aparecieran reflectidas aquelas negligencias da saída do servizo a edificios en estado ruinoso e aí si que habería que aplicar unha taxa moito máis dura porque iso non é un descoido senón que é unha desidia, como a maleza nas fincas daqueles propietarios aos que se lles está facendo requerimento constantemente e fan caso omiso. Que non existiu o consenso en ningún momento e o que se tiña que estudar son as características especiais que ten Padrón para despois facer unha taxa en función desas características e non ao revés. Que non vai votar en contra porque entende que o servizo ten que financiarse porque é deficitario e está causando un detrimento económico ao concello de Padrón pero tampouco o vai apoiar polos motivos que acaba de comentar. Espera que en posteriores ocasións, previamente se consensúen e se teñan en conta as aportacións que poidan facer os diferentes grupos políticos da Corporación.

Sr. Alcalde. Comenta que hai un prazo de alegacións que poden consensuar e modificar a ordenanza para a súa aprobación definitiva.

Sr. Rodríguez Carbia. Di que unha cousa é presentar alegacións e outra cousa é consensuar o texto previamente e cree que o Alcalde aí equivocouse.

Sr. Santaló Ríos. Di que coincide, en parte, co que acaba de expoñer o señor Rodríguez Carbia. Que non vai poñer obxeccións a esta taxa porque son ingresos que deixa de percibir o concello porque os particulares estarían pagando a outro servizo cunha taxa semellante. Coincide completamente en que é un servizo que debería de estar pagado pola Xunta porque están supervisados polo 112. Que o Concello está contribuíndo cun servizo que está subordinado a unha vixilancia da Xunta e que deberían ser eles os que sufragasen o servizo ou polo menos garantisen o seu funcionamento ao 100%. Que é establecer unha taxa por un servizo que está en precario e lle corresponde a outra administración. Que lle parece que non o están facendo ben e debería traballar por outro modelo de servizo.

Sr. Alcalde. Di que é verdade o que dicía e señor Rodríguez Carbia e que xa están en negociación desde a FEGAMP coas diferentes Deputacións para que aporten 50.000 € máis e a de Ourense xa confirmou que si e a da Coruña está en vías de dicir que si e as outras tamén. Di tamén que é verdade que o servizo é deficitario pero entende que é un servizo que hai que ter aquí en Padrón, independentemente de que sexa da Xunta, Deputación ou Concello.



# Padrón

**Concello de Padrón**

CIF P1506600D

Rúa Longa, 27

15900 Padrón, A Coruña

[correo@padron.gal](mailto:correo@padron.gal)

[www.padron.gal](http://www.padron.gal)

Tfl: 981 81 04 51

Fax: 981 81 15 50

Sr. Santaló Ríos. Di que o que estaba comentando é que o 112 é un servizo que xestiona a Xunta e polo tanto debería financiarlo ela.

Sr. González Pardal. Comenta que partindo da base de que é un servizo que non lle corresponde ao Concello polo número de habitantes que ten e que é deficitario en 158.000 € segundo un estudo que se fixo, síntese orgulloso de ter un corpo como este preto das casas cando se necesita e esta taxa xa debía facer anos que tiña que estar aplicándose. Que lle pide encarecidamente ao concelleiro que se vai encargar deste servizo de que visite as instalacións e se dé conta da situación anti-hixiénica na que están durmindo e vivindo esa xente cando fan as gardas. Que lle preste unha colaboración e se adecenten as instalacións nesa nave alugada.

Sr. Alcalde. Contesta que non teñen constancia de que teña condicións anti-hixiénica a nave, porque por ter ata ten aire acondicionado. Que é verdade que pode estar mellor, pero esa é unha zona de descanso de garda e non é un fogar. Insiste que non teñen constancia de condición algunha anti-hixiénica.

Sr. González Pardal. Explica que a última vez que estivo alí había paredes sen revestir e non había separación da cociña coa zona onde se está durmindo e era unha situación hixiénica que non se corresponde con ese servizo. Que ao mellor non son instalacións anti-hixiénicas pero son instalacións que estéticamente non son acordes cos tempos que vivimos.

Sr. Forján Seoane. Di o tema xa está suficientemente debatido pero aínda así a ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación do servizo contra incendios e salvamento foi presentada sin consenso cambiando totalmente a forma de actuar do goberno e polo tanto vai cambiar tamén a da oposición, quizá motivado por que agora ten maioría absoluta. Fai alusión ao informe de intervención que di: "A ordenanza fiscal que pretende aprobarse contribuirá ao equilibrio financeiro na prestación do servizo en relación co orzamento municipal", pero a realidade é que este servizo nos orzamentos vai supor unha carga, despois de aprobar esta taxa, de 109.496,61 € se están ben feitos os cálculos. Que esa cantidade é a diferenza que vai haber entre os ingresos e os gastos polo que a taxa non cubre o custo do servizo. Que xa se aprobaron varias mocións nese sentido como a de instar aos veciños que teñen edificios en mal estado, especialmente aos situados no casco histórico, e o goberno para nada actuou nese sentido.

Sr. Alcalde. Contesta que iso non é certo e é para outro debate. Que di que non fixeron nada pero si que fixeron e dáselle un informe antes de cada pleno.

Sr. Forján Seoane. Comenta que a maleza nas mesmas casas xa ten tempo e vai levar ao próximo pleno as fotografías de fai dous anos e as actuais, das mesmas casas, coa mesma maleza renovada. Que os edificios que estaban en ruína seguen igual ou peor.

Sr. Rodríguez Conde. Comenta que ter un servizo contra incendios e salvamento neste concello é ser moi afortunados porque tendo este servizo ao carón o tempo de resposta vai ser menor e neses minutos pódese salvar unha vida ou minimizar os danos. Que é unha ordenanza tipo como as que se teñen aprobado noutros concellos. Que con respecto á nave di que, dado que vai ter a responsabilidade como concelleiro, vaise sentar cos propietarios e ver o tipo de contrato que hai para intentar reducir a contía tan elevada do aluguer, comprometéndose a facer un control exhaustivo dos gastos que se están presentando. Di que o GES de Padrón ten ao longo do ano 708 intervencións só en Padrón: accidentes de tráfico, incendios forestais ou recollida de animais, un servizo moi variado e para eles moi necesario. Que a maneira de equilibrar ese déficit é aprobando hoxe esas taxas.

Con respecto a unha pregunta que lle fixeron na comisión informativa, responde que o número de voluntarios que ten a agrupación de Protección Civil de Padrón é de 30 voluntarios e que para ser voluntario de Protección Civil hai que superar o curso básico de Protección Civil.

Sr. Rodríguez Carbia. Comenta, por si mal interpretaron as súas palabras na intervención anterior, quere manifestar e deixar ben claro que por parte de CIPa en ningún momento se falou da necesidade ou non necesidade de ter o servizo, nin tampouco de que si o servizo funcionaba ben. Que fala doutra cousa totalmente diferente porque están aprobando unha ordenanza fiscal e non están falando da necesidade ou non necesidade do servizo ou si o servizo funciona ou non funciona. Que as cuestións económicas non teñen sentimentos porque son números e cifras e teñen resultados ou positivos ou negativos, pero o que si



está claro é que o resultado, visto o informe, é negativo porque o coste total do servizo é de 371.819 €, os ingresos que percibe da Deputación e da Consellería de Presidencia son 217.115 €, e polo tanto ten un déficit de 154.704 € que ten que asumir o Concello. Insiste na necesidade de que este servizo o asuma a propia Deputación. Que, co que se trae hoxe aquí, entende que non está garantida a financiación e a viabilidade do servizo.

Sr. Forján Seoane. Comenta que nas 708 incidencias, só coa actuación de tres persoas, os custos ascenderían a máis de 47.000 € e no estudo de custos aparecen por ingresos de persoal 17.900 €, moi lonxe dos 47.000 con tres persoas e unha hora de actuación, polo que non lle dan os números.

Sr. Alcalde. Di que ten que dar por válido o estudo económico porque o fixo un economista.

Non habendo máis intervencións, o Presidente somete a proposta a votación ordinaria, producíndose o seguinte resultado:

VOTOS A FAVOR: Oito (8), emitidos pola concelleira e polos concelleiros do PP, señora Couso Dopazo e señores Fernández Angueira, Pardo Andrade, Sanmarco Santos e García Dios, polos concelleiros do PGD, señores Rodríguez Conde e Guillán Iglesias e polo concelleiro de AxP, señor González Pardal.

VOTOS EN CONTRA: Ningún.

ABSTENCIÓNS: Catro (4), emitidas polos concelleiros do PSdeG-PSOE, señores Forján Seoane e Piñeiro Otero, polo concelleiro do BNG, señor Santaló Ríos e polo concelleiro da CIPa, señor Rodríguez Carbia.

Verificado o cómputo da votación, o Pleno da Corporación acorda por maioría das concelleiras e dos concelleiros presentes aprobar a proposta do alcalde de data 7 de abril de 2017 nos termos expresados anteriormente.

Sendo as trece horas e trinta minutos o señor Presidente acorda interromper a sesión por espazo de quince minutos.

Sendo as trece horas e corenta e oito minutos reanúdase a sesión coa asistencia da concelleiras e todos os concelleiros relacionados na cabeceira, agás a señora Rey Pazos.

**3.- RATIFICACIÓN DA INCLUSIÓN NA ORDE DO DÍA DA SESIÓN PLENARIA DO DECRETO DO ALCALDE 231/2017 DO 31 DE MARZO DE 2017 POLO QUE SE APROBA O CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE OS CONCELLO DE DODRO, PADRÓN E ROIS PARA A XESTIÓN COMPARTIDA, DESENVOLVEMENTO CONXUNTO E POSTA EN FUNCIONAMENTO DO OBRADOIRO DE EMPREGO "TERRAS DE IRIA IV".**

Dase conta da seguinte proposta de data 12 de abril de 2017, que di:

<<Resultando que o 3 de marzo de 2017 publicouse no DOG número 44 a Orde do 8 de febreiro de 2017 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros de emprego dentro dos programas mixtos de emprego e formación da Comunidade Autónoma de Galicia e se convocan para o ano 2017, e que o prazo para presentar a correspondente solicitude remataba o 3 de abril de 2017.

Resultando que coa solicitude da subvención era obrigado achegar os módulos de formación e prácticas a impartir e as memorias valoradas das obras que se pretenden realizar, e que non resultou posible que todo elo estivera rematado coa suficiente antelación para someter con carácter previo á aprobación do Pleno a encomenda de xestión dos Concellos de Dodro e Rois ao de Padrón para a xestión da subvención e do obradoiro no caso de que se conceda.

Considerando o disposto no artigo 82.3 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, que di "El Alcalde o Presidente, por razones de urgencia debidamente motivada, podrá incluir en el orden del día, a iniciativa propia o a propuesta de alguno de los portavoces, asuntos que no hayan sido previamente informados por



# Padrón

## Concello de Padrón

CIF P1506600D  
Rúa Longa, 27  
15900 Padrón, A Coruña  
[correo@padron.gal](mailto:correo@padron.gal)  
[www.padron.gal](http://www.padron.gal)  
Tfl: 981 81 04 51  
Fax: 981 81 15 50

la respectiva Comisión informativa, pero en este supuesto no podrá adoptarse acuerdo alguno sobre estos asuntos sin que el Pleno ratifique su inclusión en el orden del día",

### Propoño ao Pleno:

**Primeiro.** Ratificar a inclusión na orde do día da sesión plenaria extraordinaria do día 21 de abril do 2017 o punto denominado "Ratificación do Decreto do Alcalde 231/2017, do 31 de marzo, polo que se aproba o convenio de colaboración entre os Concellos de Dodro, Padrón e Rois para a xestión compartida, desenvolvemento conxunto e posta en funcionamento do obradoiro de emprego Terras de Iria", dado que o prazo para solicitar a subvención rematou o 3 de abril de 2017 e non resultou posible rematar toda a documentación coa suficiente antelación como para someter, con carácter previo, á aprobación do Pleno da Corporación a encomenda de xestión dos Concellos de Dodro e Rois ao de Padrón.

**Segundo.** O presente acordo pon fin á vía administrativa e contra a cal poderase interpoñer:

- Potestativamente o recurso de reposición, no prazo máximo dun mes desde o día de recepción da notificación da presente resolución, ante o mesmo órgano que dictou o acto impugnado.
- Con posterioridade á resolución expresa ou presunta do recurso de reposición, ou ben directamente, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo, no prazo de dous meses desde o día de recepción da notificación da presente resolución.
- O recurso extraordinario de revisión, segundo o previsto no artigo 113 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou calquera outro que estime procedente.>>

Non habendo ningunha intervención, o Presidente somete a proposta a votación ordinaria, producíndose o seguinte resultado:

**VOTOS A FAVOR:** Dez (10), emitidos pola concelleira e polos concelleiros do PP, señora Couso Dopazo e señores Fernández Angueira, Pardo Andrade, Sanmarco Santos e García Dios, e polos concelleiros do PGD, señores Rodríguez Conde e Guillán Iglesias, polo concelleiro de AxP, señor González Pardal, polo concelleiro do BNG, señor Santaló Ríos e polo concelleiro da CIPa, señor Rodríguez Carbia.

**VOTOS EN CONTRA:** Ningún.

**ABSTENCIÓNS:** Dúas (2), emitidas polos concelleiros do PSdeG-PSOE, señores Forján Seoane e Piñeiro Otero.

Verificado o cómputo da votación, o Pleno da Corporación acorda por maioría das concelleiras e dos concelleiros presentes aprobar a proposta do alcalde de data 12 de abril de 2017 nos termos expresados anteriormente.

**4.- RATIFICACIÓN DO DECRETO DO ALCALDE 231/2017 DO 31 DE MARZO DE 2017 POLO QUE SE APROBA O CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE OS CONCELLO DE DODRO, PADRÓN E ROIS PARA A XESTIÓN COMPARTIDA, DESENVOLVEMENTO CONXUNTO E POSTA EN FUNCIONAMENTO DO OBRADOIRO DE EMPREGO "TERRAS DE IRIA IV".**

Dase conta da seguinte proposta de data 12 de abril de 2017, que di:

#### <<Antecedentes administrativos.

**Primeiro.** O 3 de marzo de 2017 publicouse no DOG número 44 a Orde do 8 de febreiro de 2017 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros de emprego dentro dos programas mixtos de emprego e formación da Comunidade Autónoma de Galicia e se convocan para o ano 2017.

Segundo. Por Decreto do Alcalde número 231/2017, do 31 de marzo, acórdase:

- d) Solicitar, conxuntamente cos Concellos de Dodro e Rois, unha subvención á Consellería de Economía, Emprego e Industria para o financiamento obradoiro de emprego "Terras de Iria IV" con dúas especialidades
  - 5. Operacións auxiliares de acabados ríxidos e urbanización.
  - 6. Atención sociosanitaria a persoas no domicilio.
- g) Aprobar o proxecto do obradoiro de emprego dos 3 Concellos.
- h) Aprobar o texto convenio de colaboración a asinar entre os representantes dos 3 Concellos.
- i) Aceptar o nomeamento do Alcalde deste Concello como representante para todos os efectos relacionados co convenio.

Terceiro. Os mesmos acordos adoptan os Concellos de Rois e Dodro por Resolucións dos respectivos Alcaldes do 31 de febreiro e do 31 de marzo, ambos de 2017.

Cuarto. O mesmo día 31 de marzo asínase o Convenio de colaboración e o 3 de abril preséntase a solicitude de subvención no Rexistro electrónico da Xunta de Galicia.

Quinto. Por Providencia do Alcalde do 10 de abril de 2017 solicítase informe á secretaría e intervención municipais sobre a proposta de someter ao Pleno da Corporación Municipal a ratificación da Resolución 231/2017 tal e como se indica na mesma.

Sexto. O 11 de abril emítese o informe da secretaria municipal e o 12 o do interventor accidental.

#### **Fundamentos de dereito.**

Primeiro. Considerando que, de acordo ao informado pola secretaria municipal, debe entenderse que o Convenio de colaboración asinado o 31 de marzo do 2017 recolle unha encomenda de xestión dos Concellos de Dodro e Rois ao de Padrón para a tramitación da subvención e o desenvolvemento do obradoiro e que esta responde, tal e como esixe o artigo 11.1 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público (LRXSP), a motivos de eficacia: obter unha maior puntuación na valoración da solicitude da subvención segundo os criterios do artigo 22 da Orde do 8 de febreiro de 2017.

Segundo. Considerando que a encomenda é respetuosa coa prohibición, recollida no mesmo artigo 11.1 da LRXSP, de non ter por obxecto prestacións propias dos contratos regulados na lexislación de contratos do sector público, dado que as actividades de xestión e tramitación administrativa da subvención non son prestacións onerosas tal e como esixe o artigo 2 do Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público ao definir o seu ámbito material de aplicación, e dado que o obxecto dun obradoiro é a contratación laboral e a formación das persoas seleccionadas coa finalidade mellorar a súa cualificación profesional e favorecer con elo a súa inserción laboral e a mesma Lei de contratos exclúe da súa aplicación, no artigo 4.1.a), a relación de servizo dos funcionarios públicos e os contratos regulados na lexislación laboral.

Terceiro. Considerando que segundo o artigo 3.3.d) da Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, non se entende como exercicio de novas competencias e, en consecuencia, están excluídas da tramitación do artigo 7.4 da LBRL, *"a concorrencia a convocatorias de subvencións ou axudas, así como a formalización de convenios de colaboración de concesión de subvencións, para que as entidades locais realicen con carácter conxuntural actividades de información, de asesoramento, de orientación, de mellora da empregabilidade e formativas e máis outras actividades que non supoñan a creación de novos servizos municipais de acordo co artigo 297 da Lei 5/1997. Tampouco se entenderá como exercicio de novas competencias a realización das actividades citadas unha vez obtida a subvención"*.

Cuarto. Considerando que, de acordo ao informado polo interventor, non pode concluirse que se poña en



# Padrón

## Concello de Padrón

CIF P1506600D  
Rúa Longa, 27  
15900 Padrón, A Coruña  
[correo@padron.gal](mailto:correo@padron.gal)  
[www.padron.gal](http://www.padron.gal)  
Tfl: 981 81 04 51  
Fax: 981 81 15 50

risco a sustentabilidade financeira do conxunto da facenda municipal e que non existe duplicidade na prestación deste tipo de programas, dando así cumprimento ao esixido no apartado primeiro punto b) da Resolución do 12 de marzo do 2015 da Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias pola que se ordena a publicación do acordo da Comisión Bilateral de Cooperación Administración Xeral do Estado-Comunidade Autónoma de Galicia en relación coa Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local.

Quinto. Considerando que o artigo 47.2.h) da LBRL require o voto favorable da maioría absoluta do número legal de membros da corporación municipal para aprobar, entre outras materias, a *"Transferencia de funciones o actividades a otras Administraciones públicas, así como la aceptación de las delegaciones o encomiendas de gestión realizadas por otras administraciones, salvo que por Ley se impongan obligatoriamente"*,

### Propoño ao Pleno:

**Primeiro.** Ratificar o Decreto do Alcalde número 231/2017, do 31 de marzo, polo que se acorda aprobar o Convenio de colaboración asinado cos Concellos de Dodro e Rois o 31 de marzo de 2017 para solicitar e xestionar de maneira compartida unha subvención para o financiamento do obradoiro de emprego "Terras de Iria IV" ao abeiro da Orde do 8 de febreiro de 2017 da Consellería de Economía, Emprego e Industria, e en virtude do cal se encomenda ao Concello de Padrón a xestión desta subvención, a contratación das actuacións para o suposto de que se conceda e a xustificación dos investimentos, e se acepta o nomeamento do Alcalde deste Concello como representante dos 3 Concellos para todos os efectos relacionados co convenio.

**Segundo.** Publicar o texto Convenio de colaboración asinado polos representantes dos Concellos de Dodro, Padrón e Rois o 31 de marzo de 2017 no Boletín Oficial da Provincia da Coruña.

**Terceiro.** Dar traslado do presente acordo á intervención municipal.

**Cuarto.** Notificar a presente resolución a todas as persoas interesadas, coa indicación de que pon fin á vía administrativa e contra a cal poderase interpoñer:

- Potestativamente o recurso de reposición, no prazo máximo dun mes desde o día de recepción da notificación da presente resolución, ante o mesmo órgano que dictou o acto impugnado
- Con posterioridade á resolución expresa ou presunta do recurso de reposición, ou ben directamente, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo, no prazo de dous meses desde o día de recepción da notificación da presente resolución.
- O recurso extraordinario de revisión, segundo o previsto no artigo 113 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou calquera outro que estime procedente.>>

Aberta a quenda de debate prodúcense as seguintes intervencións de xeito resumido:

Sr. Rodríguez Carbia. Comenta que a única dúbida que se lle presenta é en canto á obra que se elixe por parte do Concello de Padrón, en canto á viabilidade da mesma, porque cando unha obra se inclúe en calquera tipo de plan deberíase de contar cos preceptivos permisos sectoriais e para a realización desa obra non existen co cal implicaría que ao mellor son desfavorables e habería que facer doutro modo e con outros métodos e iso implicaría que a obra que está presupostada nunha determinada cantidade habería que incrementala. Di que está totalmente de acordo coa acción nese lugar que se pretende levar co adoquinado, pero ao mellor non se vai permitir polo que se estaría falando doutra cantidade. Manifesta que se vai abster neste proxecto por eses motivos e pide que en sucesivas ocasións, cando se leven obras, primeiro se consigan os correspondentes permisos sectoriais para que non haxa lugar a dúbidas e non haxa que modificar os proxectos.

Sr. Santaló Ríos. Di que despois das explicacións dadas na comisión informativa, está completamente de acordo. Pregunta que, en canto aos 3.000 € que ten que aportar o Concello, si habería algún problema se carecera de orzamento.

Sr. Interventor. Contesta que non porque xa se fixo a retención de crédito.

Sr. Santaló Ríos. Comenta que vai haber moita demanda e lle gustaría que fíxese cunha transparencia total porque a situación económica é a que é e vai haber gran demanda destas prazas e en canto á comisión mixta que se faga gustaríalle saber cales van ser os criterios e que foran o máis obxectivos posibles para que o nivel de discrecionalidade sexa mínimo.

Sr. Alcalde. Di que os criterios xa veñen establecidos para todos.

Sr. Interventor. Engade, co permiso do señor Presidente, que na última selección recorda que fixo unha proba totalmente obxectiva cun exame.

Sr. Santaló Ríos. Di que si pero que na anterior fora unha entrevista.

Sr. Rodríguez Conde. Comenta que o ideal tamén sería, tal e como se falou na comisión informativa, algo relacionado co sector do aluminio, pero non se pode e o sector de axuda a domicilio cada día vai estar máis en demanda.

Sr. González Pardal. Di que está de acordo e entende que a finalidade destes obradoiros é a colocación da xente que leva tempo sen traballar e si se pode restaurar algo do patrimonio mellor. Que ve que hai algunhas persoas que están en todos os obradoiros e pensa que é por que non atoparon traballo ou hai empresas que non os contratan, sobre todo en albanelería, e non sabe o por que. Que tamén lle preocupa o tema do aluminio porque hai dúas empresas moi importantes a nivel nacional e internacional situadas neste Concello e pregunta por que non se falou cunha destas empresas que ten unha aula preparada para cousas deste tipo.

Sr. Alcalde. Contesta que xa se mantivo unha reunión porque ten unha aula preparada para formación pero non entraba dentro das unidades competenciais. Que o primeiro que estudaron foi o tema do aluminio.

Sr. González Pardal. Di que hai unha empresa que está realizando servizos sociais para o Concello que é a que vai prestar apoio e ten coñecemento de que existe outra empresa no Concello de Rois e que se lle pedía tamén apoio porque sería unha forma de que esas posibilidades de traballo e colocación desas persoas tamén poida estar non só nunha empresa senón tamén nesas empresas que fan ese tipo de traballos.

Sr. Forján Seoane. Di que comparte o dito polos outros grupos pero a maiores di que xa están aplicando o rodillo porque a comisión púdose ter celebrado antes porque o informe de intervención e o proxecto para realizar a actuación xa estaban feitos antes de ter convocada da comisión C) do 12 de abril.

Sr. Alcalde. Contesta que non o levou porque non estaba finalizado o expediente.

Sr. Forján Seoane. Replica que lles puido informar porque aínda que estivera sin rematar o expediente, eles tamén poderían aportar algo. Que así habería máis transparencia e máis participación de tódos os grupos.

Non habendo máis intervencións, o Presidente somete a proposta a votación ordinaria, producíndose o seguinte resultado:

**VOTOS A FAVOR:** Nove (9), emitidos pola concelleira e polos concelleiros do PP, señora Couso Dopazo e señores Fernández Angueira, Pardo Andrade, Sanmarco Santos e García Dios, polos concelleiros do PGD, señores Rodríguez Conde e Guillán Iglesias, polo concelleiro de AxP, señor González Pardal e polo concelleiro do BNG, señor Santaló Ríos

**VOTOS EN CONTRA:** Ningún.

**ABSTENCIÓNS:** Tres (3), emitidas polos concelleiros do PSdeG-PSOE, señores Forján Seoane e Piñeiro Otero e polo concelleiro da CIPa, señor Rodríguez Carbia.

Verificado o cómputo da votación, o Pleno da Corporación acorda por maioría das concelleiras e dos concelleiros presentes aprobar a proposta do alcalde de data 12 de abril de 2017 nos termos expresados anteriormente.

E non habendo máis asuntos que tratar, de orde da Presidencia deuse por rematada a sesión sendo as



# Padrón

## Concello de Padrón

CIF P1506600D  
Rúa Longa, 27  
15900 Padrón, A Coruña  
[correo@padron.gal](mailto:correo@padron.gal)  
[www.padron.gal](http://www.padron.gal)  
Tfl: 981 81 04 51  
Fax: 981 81 15 50

trece horas e cincuenta e nove minutos, de todo o cal se estende a presente acta que, en proba de conformidade, asina conmigo o Alcalde, e do que como Secretaria dou fe.

O Alcalde-Presidente

A Secretaria

Asdo. Antonio Fernández Angueira

Asdo. Ana María Ares Álvarez.